

SESIÓN TELEMÁTICA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 11 DE SETEMBRO DE 2020.

Reunión mediante videoconferencia través da aplicación Microsoft Teams do día 11 de setembro, coa orde do día indicada, participaron, os seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Margarita Estévez Saá, Ramón Vicente López Facal, José Ángel Fernández Escribano, Marta Rodríguez Castro, Eva Rodil Rodríguez, Carolina López Gómez, Cecilia Alonso Rego, José Miguel Tüñez López, Dolores Vilavedra Fernández, Juan Bautista Zalvide Torrente, Sandra Robla Álvarez

Desculpan asistencia: Angél García

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe memoria dos programas:
 - Agricultura e Medioambiente para o Desenvolvemento.
 - Ciencias Sociais e Envellecemento.
 - Matemáticas e Aplicacións.
 - Relacións Laborais e Recursos Humanos.
5. Asuntos de trámite
6. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior

Acórdase a súa aprobación.

2. Informe do presidente da EDIUS

- O director informa co novo regulamento de estudos de doutorado da USC sairá publicado no DOGA o próximo 16/09/2020, unha vez se publique no taboleiro electrónico da USC entrará en vigor, previsiblemente con data 17/09/2020.
- Regulamento de réxime interno presentouse no Consello de Goberno do día 24/07/2020, pero o día anterior os representantes do estudantado suxeriron a

necesidade de representación na comisión executiva e nas comisións sectoriais da EDIUS. O equipo reitoral tomou a decisión de eliminar dito punto da orde do consello para poder estudar a petición con mais tempo. Esta semana tivo lugar dita reunión ca vicerreitora titulacións e captación internacional, a secretaria xeral o director da EDIUS e os representantes dos estudantes nela chegouse o acordo de que non procedía representación do estudiantado na comisión executiva da EDIUS pero si nas comisións sectoriais. O equipo reitoral propón cas comisións sectoriais teñan representación do estudiantado, dous representante por cada gran área. O regulamento de réxime interno da EDIUS levarase o próximo Consello de Goberno para a súa aprobación.

- Código de boas prácticas aprobado no mes de xullo está a ser revisado para a súa próxima publicación na páxina web da EDIUS.
- Informar que a partires do próximo 28/09/2020 haberá un novo posto base para a xestión administrativa do doutoramento no Campus Terra. A persoa encargarse das tarefas relacionados cos estudos de doutoramento do campus de Lugo sendo un reforzo para a EDIUS e o servizo de xestión académica. Ademais, levará as tarefas correspondentes ao persoal de apoio nos programas de doutoramento que non o teñan asignado persoal no campus de Lugo.
- A finais deste mes ó chequeo da documentación relativa ó depósito de tese, que vense realizando na EDIUS dende a implantación de depósito de tese telemático, volverá a revisar a documentación o persoal de apoio dos programas. Farase obrigatoriamente de forma virtual a través do onedrive. O inicio e fin do trámite realizarase polo persoal da EDIUS.
- Solicitouse a xerencia dotación económica para acondicionar unha aula de formación para o doutoramento no edificio CIEDUS en vista alegre (antigo CEA), dita aula permitiría dar formación presencial e telemática ós doutorandos da USC.
- Nas próximas semanas a oficina de comunicación da USC enviará á EDIUS o borrador co novo deseño da páxina web da EDIUS e dos programas de doutoramento. Será una web xeral e ás modificacións específicas levaranse a cabo mais adiante.
- Informar que estase a traballar no deseño de novas tapas estándar para TFG, TFM e Teses de doutoramento coa correspondente aplicación informática.
- O director quere pedir desculpas ós coordinadores dos programas de doutoramento polo retraso no transvase da pequena dotación económica dispoñible para o ano 2020. Nos próximos días levarase a cabo dito transvase é terá o diñeiro a súa disposición.
- Comunicar que por peticións ampliárase o prazo extraordinario para a entrega do plan de investigación dos doutorandos matriculados por primeira vez na segunda convocatoria de curso 2019/20 e que tiveron ó parón debido ó estado de alarma e ademais pediron unha ampliación extraordinaria do mesmo ata setembro.
- Recordar que estamos inmersos en pleno proceso de acreditación dos programas de doutoramento da segunda lote, informar que xa hai moitos programas que presentaron a súa documentación. Informar que a data límite para axuntar a documentación é o 30 de setembro xa que deben ser aprobados por la comisión de calidade previamente o seu envío a ACSUG.

3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

4. Informe memoria dos programas:

- **Agricultura e Medioambiente para o Desenvolvemento.**

Acórdase informar favorablemente a memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Agricultura e Medioambiente para o Desenvolvemento, coas seguintes consideracións:

- Na memoria constan como profesorado asociado ao Programa de Doutoramento os profesores M. Mar Pérez Fra y Esperanza Álvarez Rodríguez que xa constan en outros dous programas o que non é posible segundo o Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, polo que debe procederse a súa baixa en alomenos un dos programas.

- Completar os cadros da memoria do profesorado e revisión do texto da memoria par suprimir os cambios de color do texto.

- **Ciencias Sociais e Envellecemento.**

Acórdase informar favorablemente a memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento, coa seguinte recomendación:

- Completar os cadros da memoria do profesorado e revisión do texto da memoria par suprimir os cambios de color do texto.

- **Matemáticas e Aplicacións.**

Acórdase informar favorablemente a memoria de verificación do Programa de Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións, coa seguinte recomendación:

- Completar os cadros da memoria correspondentes co profesorado do programa.

- **Relacións Laborais e Recursos Humanos.**

Acórdase informar favorablemente a memoria de verificación do Programa de Doutoramento en relacións laborais e recursos humanos, coas seguintes consideracións:

- Na memoria consta como profesorado asociado ao Programa de Doutoramento o profesor Cesar García Novoa que xa consta en outros dous programas o que non é posible segundo o Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, polo que debe procederse a súa baixa en alomenos un dos programas.

- Corrixir a discordancia entre o número de prazas ofertadas por cada Universidade participante e a suma do total de prazas do programa.

5. Asuntos de trámite

Non hai

6. Rogos e Preguntas

Non hai

Sen máis asuntos que tratar levantase a sesión as 9:40 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo: Eva Rodil Rodríguez

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/10/2020 12:16:03.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF 35320748Q, 14/10/2020 09:58:10.

CSV: 4F4C-0DCC-4B86-8112